

PIALE 2026

Manifestamos o noso desacordo co modelo de formación en linguas que ten como foco potenciar centros plurilingües e non, tal como se mostra no preámbulo da orde, promover a adquisición de mellor competencia en comunicación lingüística de linguas estranxeiras para todo o profesorado facendo alusión ao proceso de globalización que se vive.

Neste sentido, consideramos que se debería dar pé á participación nesta convocatoria a profesorado non especialista, nin CLIL, que acredite o nivel de lingua.

Así facilitaríase a aprendizaxe de lingua a todo o profesorado. Como exemplo, entre outros, serve o caso do profesorado de AL que se atopa nun contexto profesional onde o contacto co alumnado procedente do estranxeiro é constante; gran parte dese alumnado presenta un descoñecemento inicial das linguas oficiais e require dun apoio intensivo para a súa correcta integración. **A administración di que xa están recollendo a profesorado de PT e AL, pero que valorarán incluílos na orde.**

Entendemos que a súa participación en PIALE axudaría a mellorar a formación técnica e lingüística nunha contorna de inmersión, e adquirir novas metodoloxías internacionais aplicables á ensinanza de linguas a alumnado non nativo e mesmo a trasladar eses



coñecementos á mellora directa da atención á diversidade nos centros.

Unha vez máis, **esiximos á Consellería que xestione directamente o PIALE** dados os constantes problemas que xorden cada ano coas empresas adxudicatarias. Volvemos a ter protestas pola empresa que xestionou concretamente o PIALE a Canadá, e ademais sabemos que persoal da Consellaría se tivo que desprazar para solucionar algúns dos problemas. Información insuficiente xa que ata o propio día de partida non sabían nin o centro nin o enderezo de residencia, asignación de etapas educativas e especialidades que nada tiñan que ver coa súa de aquí, participantes que non tiñan asignada ningunha familia ao chegar, ou problemas co transporte até o centro educativo, xa que en moitos casos era de máis dunha hora e a tarxeta coa que contaban non cubría o tren que era o único transporte. Por non falar dos numerosos cambios de vivenda de acollida pola pésimas condicións. Estas son algunhas das queixas que nos chegaron, e lonxe de ter en conta a nosa petición para que se xestione directamente pola Consellaría, no presente borrador da convocatoria indícase que a

realización do programa queda condicionada á licitación e contratación das empresas. **A Directora Xeral reduce as críticas a opinións persoais do persoal participante que non sempre recollen a realidade.**

Reclamamos que na convocatoria para a modalidade de integración non se discrimine ao profesorado de réxime especial, conservatorios os escolas de arte. A resposta a esta petición que xa formulamos noutras convocatorias é que non existen centros análogos nos países receptores para o profesorado destes centros o que nos parece que non xustifica a súa exclusión porque en calquera caso a estadía debe redundar no coñecemento da lingua.

En canto á **partida orzamentaria**, o incremento deste ano é totalmente simbólico xa que non chega nin os 40.000€ o cal implica a imposibilidade de mellorar a convocatoria e ampliar, como solicitamos, o número e perfil de profesorado que poida participar. O exíguo incremento de prazas correspóndense coa modalidade 1 na que se oferta unha soa praza máis en cada actividade desa modalidade o que supón un total 8 prazas máis, mentres que mantén a mesma oferta có curso anterior na modalidade 2.

Insistimos en que debe constar na convocatoria a **exención de participación nos tribunais de oposición** para as persoas ás que se lles conceda a modalidade 2 de PIALE xa que se realiza no mes de xullo. **A administración di que iso ten que ir na convocatoria das oposicións pero vai valorar incluílo nesta orde.**

En canto á **comisión de selección**, en caso de que actúe a subcomisión técnica con persoal especialista reclamamos que sexan

convocadas as organización sindicais tal como consta no borrador, dado que, na práctica, polo que vén ocorrendo en anteriores convocatorias, non recibimos o convite para participar nesa subcomisión. Deste xeito unicamente temos acceso ao resultado final das baremacións o cal impide a nosa participación real no proceso.

En relación co **profesorado interino**, consideramos que debe ter acceso a PIALE, por tratarse dun dereito e por coherencia coa lexislación europea, alén da prelación que se poida establecer.

Sobre os idiomas que se ofertan na convocatoria, unha vez máis solicitamos a inclusión do **italiano**, así como valorar outras opcións do catálogo de linguas que se ofertan nas escolas de idiomas. Tamén incrementar o número de prazas de **portugués**.

Recordámoslle á Consellaría que ten a obriga de promover dita lingua, tal e como di a Lei Paz Andrade, e o PIALE podería ser un incentivo para que o profesorado se forme e así despois se poida ofertar a materia de Portugués no seu centro ou crear seccións bilingües.

Por outro lado, **debe constar na convocatoria a mención explícita** de que o profesorado que sexa admitido nun PIALE de integración que se realiza en datas lectivas deberá ser **substituído no seu centro desde o primeiro día** tendo en conta que non estará nel durante 15 días.

Diferencias entre as convocatorias 2025 e 2026.

Artigo 2. En canto á certificación, na anterior convocatoria, establecíase a dobre certificación de 50 horas pola fase de integración ou realización do curso, nas dúas

modalidades, e outras 25 pola fase de difusión (elaboración de memoria e proposta didáctica). Na actual convocatoria elimínanse estas dúas fases e pásase a ter un só certificado de 50 horas en ambos casos. Porén no caso da modalidade de integración segue requiríndose a entrega dunha memoria, o que supón un menor recoñecemento para o profesorado participante, malia manterse parte do traballo a realizar (na anterior convocatoria tamén se esixía a entrega dunha proposta didáctica ademais da memoria para a modalidade de integración). Se antes se recibían 75 horas en total, agora pásase a recibir 50.

No mesmo artigo, en canto á entrega de memoria e proposta didáctica, na anterior convocatoria establecíase o 31 de marzo para a modalidade de integración e o 31 de decembro para a do curso. Nesta convocatoria só consta “a data establecida pola Consellería”. Entendemos que o profesorado debe ter unha referencia mínima para saber cando debe entregar os traballos.

Artigo 4. Se o último día de prazo fose inhábil, prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte, engádese na convocatoria do 2026 o límite das 13:00 horas dese día. Non entendemos por que se engade ese límite horario.

Artigo 5. Apartado b. Os datos que volca o aplicativo da solicitude son os mesmos de Datos Persoais? Na anterior convocatoria facíase referencia a Datos e non ao aplicativo.

Artigo 8. Advertimos na presente convocatoria unha redistribución de actividades e criterios asignados a cada unha delas para o establecemento de prioridades.

Como exemplo: para as actividades 11 e 12 mantéñense os mesmos criterios da anterior convocatoria na que aparecían agrupadas coas actividades 3, 4 e 5. Porén a estas 3 últimas nesta convocatoria, cambióuselles o criterio de ser docente CLIL na lingua obxecto de estudo. Pedimos aclaracións sobre os criterios adoptados pola Administración nos numerosos cambios que se produciron neste artigo

Artigo 10. Inclúese explicitamente que se poderá modificar a resolución definitiva para incorporar ás prazas vacantes a profesorado suplente segundo a orde de prioridade resultado da puntuación obtida.

Elimínase respecto da anterior convocatoria que transcorridos 3 meses, e no prazo de 6 desde a resolución definitiva, pódese retirar a documentación. Solicitamos que se restituía.

Non se concreta que se entende por “**avaliación negativa**”, débense establecer requisitos mínimos e criterios obxectivos de avaliación. Máis concretamente:

- Modalidade 1 esixe a elaboración dunha memoria de difusión coas correspondentes indicacións no anexo V nas que se indican os apartados cos que debe contar e os contidos, mais non os criterios mínimos de avaliación nin os requisitos necesarios para a avaliación positiva.
- Modalidade 2 non se especifica que situación ou causas poden dar lugar a unha avaliación negativa, aproveitamento, asistencia mínima, cumprimento de tarefas, superación dunha proba final... Solicitamos que se aclare este aspecto.

En relación con estes aspectos, debería establecerse un procedemento de emenda ou alegacións que garanta que as persoas que sexan avaliadas negativamente poidan corrixir deficiencias na resolución provisional.

Tamén nos parece unha penalización esaxerada a exclusión das próximas 5 convocatorias.

A administración asume que debería recollerse na orde que se entende por avaliación negativa e vai recoller o prazo para as alegacións a esta avaliación.

Artigo 11. Incompatibilidades. Solicitamos que se elimine a incompatibilidade coa concesión de licenzas por formación non ten sentido para ningunha das modalidades, xa que so van 2 semanas. E, se cabe menos aínda, na modalidade 2 que van no mes de xullo. **A administración vai valorar eliminar esta incompatibilidade.**

Artigo 13. Ademais do incremento insignificante que denunciabamos ao principio, solicitamos que se elimine a referencia explícita ao condicionante da existencia de crédito nos orzamentos. É máis, tampouco sabemos a onde se reverts os recursos no caso de cancelación dalgunha actividade, como ocorreu o curso pasado.

Artigo 17. Como tamén indicabamos ao principio, débese certificar por 75 horas que

recollan as dúas fases de traballo que se eliminaron neste convocatoria respecto da anterior e non limitar a certificación a 50 horas no caso da modalidade 1 de integración.

Baremo

Primeiro lamentamos que non se teña en conta o baremo unificado ao que chegáramos as organizacións sindicais que estamos representadas na mesa sectorial coa dirección de recursos humanos.

A administración asume o erro e vai tentar xa incluílo xa nesta convocatoria, de non ser posíbel tomarán nota para a vindeira convocatoria.

Apartado 1. Incrementar a puntuación de antigüidade de 3 a 6 puntos.

Apartado. 2.4. Reducir de 4 a 2 puntos, xa que nos parece excesiva a puntuación comparada cos outros apartados.

Deben incluírse a Coordinación do programa de auxiliares de conversa e a coordinación das sección bilingües ou do programa bilingüe nos centros plurilingües.

Neste sentido: o profesorado de FP vese discriminado xa que non poden ter acceso ao que puntúa neste apartado. Solicitamos que se deben inclúan outros méritos como: ter participado en estadias Erasmus en centros estranxeiros o na súa.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal